

1. A Guerra Fría

O medio século que transcorreu dende o final da Segunda Guerra Mundial e o final do século XX foi testemuña de vicisitudes de enorme transcendencia no mundo desenvolvido, acontecementos que deron orixe a unha nova realidade histórica: o enfrontamento entre os bloques, a perda dos imperios coloniais, a superación da tradicional desunión europea e o fin da división en bloques.

1.1. Características da Guerra Fría

A Guerra Fría consiste nun sistema de relacións internacionais existentes entre 1945 e 1991. Durante estes 46 anos o mundo dividiuse en dous bloques antagónicos, un deles encabezado por Estados Unidos e outro pola Unión Soviética. Cada bloque representaba unha concepción política, económica e ideolóxica diferente:

- O **BLOQUE OCCIDENTAL** defendía un sistema político democrático, unha economía capitalista e unha ideoloxía liberal: **CAPITALISMO LIBERAL**.
- O **BLOQUE COMUNISTA** defendía un sistema político totalitario, unha economía planificada e unha ideoloxía marxista: **COMUNISMO SOVIÉTICO**.

As dúas superpotencias intentaron manter a súa seguridade e ampliar ou protexer as súas zonas de influencia utilizando tódolos medios dispoñibles a excepción do conflito bélico, xa que este implicaría a utilización de armas nucleares, e polo tanto, a destrución mutua.

As formas máis destacadas de enfrontamento entre estas dúas potencias foron:

- a) A carreira de armamentos: ambos países crearon un arsenal nuclear, de forma que cada un deles dispoñía de suficientes medios para destruír a Terra en varias ocasións.
- b) Propaganda ideolóxica
- c) Subversión e espionaxe do bloque oposto, a través de servizos de intelixencia como a CIA e o KGB.
- d) A delimitación de áreas de influencia para evitar disidencias.
- e) As presións políticas e económicas tanto sobre os Estados aliados como sobre os inimigos.
- f) A guerra localizada en territorios periféricos polos que ambos territorios intentaron expandir o seu dominio.

A ONU nesta situación tiña as mans atadas polos intereses de ambas potencias. Por iso, durante estes anos as políticas de colaboración e os acordos foron moi difíciles, ao primar a desconfianza mutua. Non obstante, esta organización serviu como foro de debate para os bloques e permitiu que existise comunicación entre eles.

2. O conflito: inicio

O enfrontamento xestouse entre 1945 e 46, finalmente manifestouse no 1947. O primeiro desencontro produciuse en Irán. No ano 46 acordouse a retirada das tropas aliadas que se atopaban en territorio iraniano. A URSS negouse, e o Exército Vermello permaneceu nalgúns provincias do norte do país. Finalmente, os soviéticos abandonaron o país a raíz das

presións americanas. Este acontecemento veuse por parte dos occidentais como unha mostra da ansia expansionista soviética.

En Europa:

- Os países da **Europa Oriental** estaban ocupados polo Exército Vermello, e tódolos movementos políticos foron reprimidos a excepción dos partidos comunistas, que obedecían a Moscova. Os gobernos que se implantaron nestes países estaban subordinados á política soviética. A URSS incumpriu a promesa de convocar eleccións libres.
- Os países da **Europa Occidental** estaban controlados por Estados Unidos, que foi apartando do poder aos partidos comunistas que gobernaban en países como Francia e Italia. Os estados desta área tiñan graves problemas económicos, motivo de que fose unha zona de gran interese para a URSS e EE. UU.

Anuncio dunha nova política exterior estadounidense en 1947: A **doutrina Truman** ou **Doutrina de Contención**: na que os gobernos europeos se comprometen a frear a influencia soviética, e teñen dereito a recibir axudas económicas estadounidenses.

Resposta soviética: **Doutrina Jdánov**¹ e creación da **Kominform** (Oficina de Información dos Partidos Comunistas): co obxectivo de cohesionar a influencia soviética a través do control ideolóxico. Jdánov aceptou que o mundo estaba dividido en dous, e que cada país debía escoller entre os dous bloques confrontados: o “imperialista” e o “antiimperialista”. O Kominform converteu aos diferentes partidos comunistas en instrumentos da política stalinista.

3. A máxima tensión (1947-1954)

A partir do ano 1947 a rivalidade entre ambas potencias acrecentouse e desatouse unha pugna por ampliar as respectivas fronteiras.

3.1. División económica europea

Cada superpotencia estableceu un sistema de colaboración económica na súa zona, para asegurar a dependencia para si dos países que a integraban.

- a) **O Plan Marshall**: foi unha estratexia estadounidense para asegurar a reactivación da economía dos países europeos que lle eran favorables, doúselles 13.000 millóns de dólares en 1948. Dous obxectivos: mellorar o nivel de vida en Europa e así apartar o perigo revolucionario e asegurar a demanda de produtos americanos por parte de Europa (para evitar unha crise de superproducción da súa propia industria). Os países máis beneficiados deste plan foron: Francia, GB, Italia e Alemaña Occidental².
- b) **COMECON**: os países da Europa Occidental non aceptaron as axudas estadounidenses a raíz da forte influencia política exercida dende Moscova por Stalin. Non obstante, como resposta ao plan Marshall, a URSS creou n 1949 o Consello de Axuda Mutua Económica (COMECON), cuxo obxectivo era coordinar as políticas económicas dos países de Europa


¹ Recibe este nome por Andréi Djánov, terceiro secretario do Soviet Supremo da República Socialista Federativa Soviética de Rusia (RSFS).

² España foi excluída destas axudas ao gobernar un réxime antidemocrático.

do Leste e establecer mecanismos de asistencia mutua. Os países adheridos foron: a URSS, Hungría, Checoslovaquia, Alemaña Oriental, Polonia, Bulgaria, Romanía e Albania.

3.2. A cuestión alemá-berlinesa

Como xa sabemos, ao remate da guerra, Alemaña quedou divida en 4 zonas: unha francesa, británica, estadounidense e soviética. Berlín atopábase na soviética, pero ao ser a capital foi igualmente dividida en catro zonas administradas polos anteriores países.



Na primeira imaxe: as dúas Alemañas (RFA en azul, RDA en vermello e Berlín en amarelo) Na segunda, as catro zonas diferenciadas da cidade

En 1948 celebrouse a Conferencia de Londres, na que Francia, GB e Estados Unidos decidiron unificar as súas tres zonas nun só Estado. Non obstante, estas medidas rompían co acordado en Yalta e Postdam no 45, polo que Stalin bloqueou por terra Berlín, illándoo das zonas occidentais de Alemaña durante case 1 ano (xuño do 48 ata maio do 49). A solución occidental (estadounidense) foi crear unha ponte aérea para abastecer á parte occidental da capital alemá. Esta resposta animou a que Stalin en maio do 49 levantase o bloqueio.

Resultado da crise: división da actual Alemaña en dous estados diferenciados independentes: RFA (República Federal de Alemaña) e RDA (República Democrática de Alemaña). A primeira, occidental, e a segunda, baixo a influencia da URSS.


3.3. Creación dos Bloques Militares: a OTAN e o Pacto de Varsovia

Ao aumentar a tensión cada bloque decidiu establecer alianzas militares para actuar de forma conxunta ante calquera agresión do inimigo.

- OTAN (1949): Organización do Tratado do Atlántico Norte. Países asinantes: Estados Unidos, Canadá, Reino Unido, Francia, Italia, Países Baixos, Bélxica, Noruega, Luxemburgo, Dinamarca, Portugal e Islandia. No 52 sumáronse Turquía e Grecia, e no 55 a RFA³.
- A URSS tiña menos fortaleza que EE. UU. ata o ano 1949. A partir deste ano comezou a formar unha alianza militar con outros países comunistas europeos. No 1955 asinou o

³ España integrouse no ano 1981, despois dun referendo bastante controvertido.

Tratado de Amizade, Cooperación e Asistencia Mutua, coñecido como Pacto de Varsovia. Integrantes: URSS, RDA, Polonia, Checoslovaquia, Romanía, Hungría, Bulgaria e Albania.



3.4. A ampliación do Bloque Comunista

A raíz da presión que ambas potencias seguiron facendo para ampliar os seus bloques, a tensión bipolar foise estendendo por outras zonas do mundo, por exemplo: ASIA. Neste continente producíronse dous acontecementos fundamentais:


A) Fundación da República Popular China (1949)

No 1949, o Partido Comunista chinu tomou o poder, e o seu Secretario Xeral, **Mao Zedong**, proclamou a República Popular China. A continuación, firmou un tratado de axuda mutua con Stalin, o que supuxo un gran triunfo diplomático para a URSS.



B) Guerra de Corea (1950-1953)

Antes da 2ª Guerra Mundial, Corea formaba parte de Xapón. Coa derrota do país nipón na guerra, este estado quedou dividido en dous (polo paralelo 38° N). A parte Norte estaría asociada ao Bloque comunista, e a sur ao capitalista. Pero a orde das cousas cambia no 49. Ao gañaren os comunistas en China, o líder de Corea do Norte, Kim Il Sung, decide unificar a península. De aí que no 1950 as tropas do Norte invadan o sur (con bastante facilidade). A resposta por parte de EE. UU. foi rápida e conseguiu a autorización da ONU para intervir militarmente. A contraofensiva estadounidense chegou preto da fronteira china, polo que Mao Zedong decidiu intervir a favor de Corea do Norte (a URSS abstívose). Finalmente estableceuse unha fronteira entre ambas partes no paralelo 38°N, firmando un armisticio en 1953.



Repercusións: extensión da Guerra Fría a Asia e mostra de que calquera iniciativa bélica implicaría unha reacción do outro bloque, de aí a importancia de illar os conflitos na periferia.

C) Consecuencias da ampliación do bloque oriental

Ao ampliar o dominio comunista en Asia, Estados Unidos asinou un conxunto de tratados con diferentes países do mundo para evitar que estes países caesen na órbita comunista. Por exemplo: os Tratados Rexionais de Defensa, a SEATO (Organización do Tratado do Sueste Asiático, 1954): integrou a Australia, Francia, Reino Unido, Nova Zelandia, Paquistán, Filipinas, Tailandia e EE. UU, o Pacto de Bagdad “1955) entre EE. UU., Turquía, Irán, Iraq, Paquistán e Reino Unido, e outros tratados bilaterais con Corea do Sur, Xapón e Taiwán.

O avance do comunismo tamén tivo consecuencias na política interior estadounidense: a **Caza de Bruxas**, patrocinada polo senador McCarthy e o Comité de Actividades Antiamericanas. Perseguiron a calquera figura que fose denunciada por “simpatizar” co comunismo: intelectuais, artistas... estas persoas perderon o seu traballo e incluso entraron en prisión.

4. Coexistencia Pacífica (1954-1975)

No ano 1953 prodúcese un relevo nos dirixentes de ambas potencias: **Eisenhower** asume o cargo de Presidente dos Estados Unidos e Nikita **Krushev** o de Xefe do Goberno da URSS. Ambos mostraron desexos dunha mellora das relacións entre os seus países. Tamén se produciron **cambios no panorama internacional** que incitaban “ao pacifismo”, como veremos ao longo do capítulo.

Esta etapa recibe este nome porque, a pesar de que se producisen numerosos conflitos durante estes anos, eran solucionados de forma rápida a través do diálogo.



4.1. A Crise de Suez (1956)

O Presidente de Exipto: Nasser decretou a nacionalización do Canal de Suez, que ata o momento controlaba unha compañía anglo-francesa. Isto non gustou aos franceses e aos ingleses, de aí que decidisen (xunto con Israel) atacar a Exipto. Finalmente, a oposición estadounidense e soviética a este ataque evitou que se producise un conflito maior.

4.2. O movemento dos Países Non Aliñados

Como xa sabedes, ambas potencias buscaban ampliar os seus dominios, e evitar que o contrario se estendese. Non obstante, dende a década de 1940, países do Terceiro Mundo (tanto de Asia como de África) comezaron a independizarse (proceso de descolonización). Estes novos Estados negáronse a pertencer a algún dos dous bloques: querían manterse neutrais. Esta iniciativa foi o que se denominou o movemento dos Países Non Aliñados. Un dos eventos máis

coñecidos foi a celebración da Conferencia de Bandung (Indonesia) no ano 1955. Nesta conferencia xuntáronse 23 países, liderados por China, Exipto e India. O acordo fundamental ao que chegaron foi: a condena da colonización, o seu apoio aos movementos nacionais de liberación e a creación dun grupo dentro da ONU de países neutrais na Guerra Fría. A pesar da gran repercusión internacional do movemento, non conseguiron acadar ningún logro significativo. De feito, en gran parte das ocasións, os seus membros víanse inmersos nos conflitos entre URSS e EE. UU.



4.3. Os conflitos internos dos bloques

Durante esta etapa producíronse acontecementos dentro de cada bloque que os desestabilizaron, poñendo en risco a súa cohesión interna.

A) NO BLOQUE COMUNISTA

Catro eventos fundamentais:

- **Afastamento de Iugoslavia** (1948): trátase dun estado “independente” que integraba a actual Macedonia, Eslovenia, Serbia, Kosovo, Montenegro, Croacia e Bosnia.
- **Revolta Polaca** (1956)
- **Revolta Húngara** (1956)
- **Primavera de Praga** (1968)

Nos catro casos, a poboación participante foi **duramente reprimida** polo exército soviético, que invadiu os países. Como esta dinámica foi moi criticada polo panorama internacional, a URSS escudouse na chamada **Doutrina Breznev**, que establecía o dereito de intervención en calquera país do seu bloque que puxese en risco o sistema comunista.



Imaxes por orde: Outubro Polaco, Primavera de Praga e Revolta Húngara

Nestes anos tamén se produciu o afastamento doutros Estados como Romanía, Albania e China. No caso de **China**, as relacións empeoraron dende a morte de Stalin, ata que se romperon definitivamente en 1960.



B) NO BLOQUE CAPITALISTA

- a) Francia de De Gaulle: defendeu unha política equidistante de ambas potencias. Non obstante, seguía pertencendo á OTAN e as boas relacións con EE. UU. mantíñanse.
- b) Latinoamérica: EE. UU. protagonizou numerosas intervencións nos países cuxos gobernos se afastaban dos seus postulados políticos. Nalgúns casos apoiou Golpes de Estado e noutros, a guerrillas e exércitos de invasión. Algúns exemplos: Arxentina, Nicaragua, El Salvador, Chile, Cuba, Panamá, Guatemala... afectados pola continua incursión de EE. UU.

4.4. Conflitos entre os bloques

Durante esta etapa seguíase observando a tensión dunha continua rivalidade entre ambos países. A raíz do despregamento de mísiles intercontinentais soviéticos e o lanzamento da súa primeira nave espacial no 1957, no bloque occidental imperou a preocupación xa que o entendían coma un incremento da carreira armamentista. A resposta automática de EE. UU. foi a chamada Doutrina de Represalia Masiva, que aseguraba unha resposta nuclear total ante calquera ataque soviético contra EE. UU. ou os seus aliados. Non chegaron a utilizarse as armas nucleares, non obstante, houbo diferentes acontecementos que case desencadean a traxedia: Berlín, Cuba e Vietnam.

A) *A segunda Crise de Berlín*

Berlín era un punto de contacto entre os dous bloques, polo que os roces eran directos. Gran parte dos habitantes da RDA escapaban cara a RFA, o que supoñía unha sangría económica para a RDA. No ano 1958 Kruschev pediu que se producisen cambios nesta situación, pero non houbo melloras para o lado oriental. Por este motivo, a partir de **1961** comezou a construción do **Muro de Berlín**⁴, para separar ambas partes da cidade, o que recibiu numerosas críticas da parte occidental. O muro foi un dos símbolos máis importantes da Guerra Fría.



Esquerda: Berlín Oriental e Dereita: Berlín Occidental

B) *A Crise dos mísiles cubanos*

Cuba ata 1959 era aliada dos EE. UU. Non obstante, neste ano Fidel Castro e a súa guerrilla chegan ao poder e instauran un réxime comunista na illa de Cuba. Ao estar a illa de Cuba a 150 km da costa americana, EE. UU. veu con gravidade a presenza dun aliado dos soviéticos tan cerca.

⁴ En Occidente denominouse “Muro da Vergoña”.

Estados Unidos no ano 1961 promoveu a invasión de Cuba pola Baía de Cochinos, cuxo obxectivo era derrocar o goberno de Fidel Castro. Esta invasión fracasou, e Cuba pediu axuda militar e protección á URSS. Isto levou a que en 1962 se desatase o conflito máis grave: a crise dos mísiles. Avións espía estadounidenses detectaron ramplas de mísiles nucleares soviéticos en Cuba. **John F. Kennedy** decretou un bloqueio marítimo da illa para evitar a chegada de novas subministracións militares e ameazou á URSS de invadir a illa se non retiraba os mísiles. Esta crise estivo a punto de desembocar nun conflito directo nuclear, ata que **Kruschev** ordenou a retirada dos barcos e o desmantelamento das ramplas. Foi un momento da historia onde o mundo enteiro se mantivo en vilo ante a posibilidade dun desastre nuclear.



Caricatura dos dous líderes: Kruschev (URSS) e John F. Kennedy (EE.UU.)

Despois de producirse esta crise, ambas potencias decidiron abrir novas canles de diálogo, para evitar que unha situación así puidese repetirse. Os dirixentes de ambas potencias reuníronse e abriron unha liña de contacto directo, o denominado **teléfono vermello**.

C) A Guerra de Vietnam

O seguinte roce entre as potencias produciuse en Vietnam (unha das chamadas “guerras localizadas”). A península de Indochina (formada por Vietnam, Laos e Cambodia) fora colonia dos franceses, quen se retiraron despois dunha dura guerra. Os acordos de Xenebra do 1954 dividiron a Vietnam e dous estados: Vietnam do Norte (comunista) gobernado por Ho Chi Minh, e Vietnam do sur, que era unha ditadura proclive a Occidente, dirixida por Ngo Dinh Diem. A liña divisoria entre ambos países estaba no paralelo 17°N. Os acordos de Xenebra prevían unha futura unificación de ambas partes despois de celebrar eleccións.

Os problemas comezan cando a guerrilla norvietnamita, o Vietcong, trata de derrocar o Goberno de Vietnam do Sur. Estados Unidos, ante o temor de que Vietnam do Sur pase a mans dos comunistas, intervén⁵. Inicia unha intervención armada no 1964, e no 1968 envía a 500.000 soldados. Foi un estrepitoso fracaso para os estadounidenses. A guerrilla contaba con gran apoio popular e coñecía o terreo, o que fixo que as accións estadounidenses e a superioridade tecnolóxica non tivesen moita utilidade. En Estados Unidos a poboación organizou numerosas manifestacións pacifistas (sobre todo xente nova) en contra da Guerra de Vietnam. E estendérase por todo Occidente unha forte oposición á continuación desta guerra. En 1968 Richard Nixon converteuse en Presidente de EE. UU. coa promesa de acabar coa guerra. A partir dese ano, comezou un repregamento progresivo das tropas que durou catro anos. Ata que en 1973 se chegou a un acordo de cese do fogo⁶.

⁵ Os estadounidenses buscaban evitar que expandise o comunismo por Asia (o denominado efecto dominó: se unha revolución comunista prosperaba podía suceder que se intentasen noutros lugares accións semellantes).

⁶ Non obstante, a Guerra en Vietnam non rematou aí. Non foi ata 1975 cando as tropas de Vietnam do Norte e o Vietcong tomaron Saigón (capital de Vietnam do Sur). Ambas partes do país uníronse dando lugar á República

Para Estados Unidos este evento foi fatal. A parte de perder arredor de 50.000 homes, e rematar o conflito cun balance de 150.000 feridos, supuxo un gran desprestixio internacional.



Fotografía realizada polo fotógrafo vietnamita Nick Ut en 1972 no pobo de Trang Bang

4.5. Novos factores de distensión

A) Conversas entre superpotencias

Dende finais dos anos 60 a carreira de armamentos nucleares comeza a perder forza debido ao alto gasto que supoña o mantemento destas armas para ambos países. Ademais, comezaron a xurdir movementos pacifistas, especialmente na poboación occidental.

EE. UU. e a URSS manifestaron a mellora das súas relacións a través dos acordos SALT I (1972) e SALT II (1979) sobre a limitación de armas estratéxicas. Era un freo á carreira de armamentos, non obstante o que pretendían era a disuasión nuclear: un equilibrio do terror que aseguraba a mutua destrución no caso de guerra. Naquel momento parecía a única forma de acadar unha situación distendida.

B) Novos centros de poder mundial

Fortalecéronse outros países, que mantiñan posicións propias nos conflitos internacionais, afastándose da polaridade dos bloques. Os máis destacados: a **CEE** (Comunidade Económica Europea, futura UE) e **China** (que rompeira relacións coa URSS en 1960).

C) Estabilización da situación internacional

A partir da década dos **70** a situación a nivel global foi **estabilizándose**. A **Guerra de Vietnam** estaba nos seus **estertores finais** (pechada cos Acordos de París de **1973**). A partir deste ano produciuse unha **redución nas inxerencias das superpotencias en Extremo Oriente**. O único conflito que seguía candente era o **conflito árabe-israelí**: no 1973 comez a Guerra do Yom

Socialista de Vietnam (integrada no bloque prosoviético). Pouco despois Laos e Cambodia víronse integrados tamén na órbita soviética.

Kippur⁷, por un ataque conxunto entre Exipto e Siria contra Israel. EE. UU. e a URSS interviñeron, e finalmente firmáronse acordos entre Exipto e Israel.

D) Achegamento entre Europa occidental e Europa oriental

Mellora nas relacións entre Europa occidental e a URSS, exemplo clave: a RFA. Willy Brandt chega ao poder da RFA no ano 1969 e inicia unha política de achegamento cara o Este chamada “ostpolitik”, que deu como resultado a sinatura entre a RFA e a URSS dun Tratado de Non Agresión e o recoñecemento da inviolabilidade das fronteiras europeas en 1970. En 1972 acadouse o recoñecemento da RFA e da RDA, e ambos ingresaron na ONU. Estas medidas animaron a pacificar as relacións diplomáticas entre os dous bloques.

E) O “Espírito Helsinki”

O culme desta política de entendemento produciuse en Helsinki no ano 1975 ao celebrarse a Conferencia de Seguridade e Cooperación. Estiveron representados 35 países pertencentes á OTAN, ao Pacto de Varsovia, e neutrais. O documento ao que deu resultado esta xuntanza, e asinado por todos, recoñecía as fronteiras resultantes despois da 2ª GM, reforzábbase a cooperación económica entre ambos bloques e os países comunistas comprometíanse a defender dereitos humanos e liberdades. Os seguintes anos celebráronse + reunións deste tipo.

5. Rebrote da Guerra Fría (1976-1985)

A partir de 1975 as relacións entre ambos bloques volveron a entrar en tensión (grave).

Dende o final da Guerra de Vietnam a posición de EE. UU. estaba repregada, e restrinxiu o seu intervencionismo exterior. Ademais, EE. UU. estaba vivindo unha profunda crise económica (inicios anos 70, xa mencionada) provocada pola suba do prezo do petróleo e polo o aumento da débeda externa. Produciuse unha 2ª Crise do Petróleo no 1979, o que agravou aínda máis a situación.

Pola súa banda, a URSS reforzárase de dúas maneiras: ao non verse demasiado afectada pola crise do petróleo e ao producirse a instauración réximes comunistas en distintas áreas do globo⁸: África: Angola, Mozambique e Etiopía; Indochina: Vietnam, Laos e Cambodia e Latinoamérica: Nicaragua, Guatemala e El Salvador (entre outros)

No 1977 a URSS comezou a despregar mísiles nucleares por Europa occidental, cuxo obxectivo era intimidar aos países europeos para que se afastasen de EE. UU.

5.1. A Guerra de Afganistán

Nos anos 70 Afganistán estaba gobernado por un réxime afín á URSS. Non obstante, as cousas cambian no 79, xa que o goberno afgán estaba sendo presionado por guerrillas armadas, e pediu axuda á URSS. Esta potencia decidiu invadir o país por tres motivos: conter a expansión do fundamentalismo islámico que se estaba difundindo por algunhas repúblicas soviéticas,

⁷ Este conflito provocaría unha dura crise económica, sobre todo para o bloque occidental, entre 1972-73: xa que provocou que subise moito o prezo do petróleo e desestabilizáronse as balanzas financeiras de Occidente.

⁸ Un dos motivos da expansión revolucionaria-comunista foron os graves desequilibrios que nestes países do considerado Terceiro Mundo provocou a crise do petróleo.

controlar puntos estratéxicos no Océano Índico e no Golfo Pérsico e a modo de aviso cara outros países que se quixera afastar da órbita soviética. A URSS enviara 100.000 soldados e moito armamento, pero só foi capaz de controlar as cidades. As guerrillas foran apoiadas armamentisticamente por Arabia Saudita, Estados Unidos e Paquistán e a nivel de efectivos, chegaron soldados fundamentalistas islámicos dende outros países da contorna. Esta guerra para a URSS foi como Vietnam para EE. UU.: un desgaste absoluto. Isto provocou unha enorme crise social e económica para a Unión Soviética. Poboación descontenta e economía colapsada.

Dúas repercusión deste conflito a nivel internacional: decadencia da URSS e grandes críticas a raíz desta incursión imperialista (contraria aos valores que predicaba o socialismo) por parte dos simpatizantes.

5.1. Reacción estadounidense

Política dura e agresiva antisoviética de Ronald Reagan. Buscaba recuperar a superioridade estadounidense. No que respecta aos mísiles soviéticos despregados pola Europa occidental, Estados Unidos ofreceu a posibilidade de que os repregasen. Ante a negativa da URSS en 1983, os estadounidenses tamén despregaron mísiles por Europa occidental. Ademais, o goberno de Reagan aumentou o gasto en defensa e deseñaron a Iniciativa de Defensa Estratéxica, que permitía destruír calquera mísil soviético que se dirixise cara Estados Unidos. A labor intervencionista estadounidense intensificouse nestes anos, e centrouse en Latinoamérica.

6. Final da Guerra Fría (1985-1991)

A raíz destes últimos anos de tensión e intervencionismo esaxerado, a poboación de ambos bloques estaba fatigada e preocupada. Isto observouse nas grandes mobilizacións de carácter pacifista e antinuclear que se produciron tanto en Estados Unidos como na Europa Occidental. No bloque comunista, comezouse a fraguar un forte rexeitamento cara o sistema comunista.

6.1. O goberno de Gorbachov

A crise económica e social que viña atravesando a URSS nos últimos anos provocou que a partir do ano 85 comezase o desmantelamento e decadencia desta potencia. A chegada ao goberno de **Gorbachov** en 1985 cambiou a política internacional soviética, ao iniciar un diálogo con EE. UU. para deter a carreira armamentística (e rebaixar o gasto militar, que estaba consumindo á URSS). A primeira mostra da mellora das relacións foi o Tratado de Washington (1987) para desmantelar os mísiles. No 1989 a URSS retirou as tropas de Afganistán, e pouco despois ordenouse retirar as tropas dos países de Europa do Leste. A partir de aquí iniciárase unha política de apertura política e económica da URSS.

6.2. As revolucións democráticas no bloque comunista

Ao relaxarse o control ideolóxico e político nos países da órbita soviética comezaron a aparecer movementos sociais favorables ao establecemento de sistemas democráticos, as chamadas revolucións democráticas que se produciron no 1989 na Europa do Leste. Os SÍMBOLOS desta época foron: a Caída do Muro de Berlín no 89 e a Unificación Alemá no 1990.



6.3. Os acordos de paz e a desaparición da URSS

En 1989 tamén se reuniron no Cumio de Malta o novo presidente estadounidense, George Bush (pai) e Gorbachov (imaxe de abaixo), anunciaron o fin da tensión entre ambas potencias. Finalmente foi no 1991 cando se produciron dous feitos que pecharían esta etapa: a disolución do Pacto de Varsovia e a desintegración da URSS. Cabe comentar que a OTAN seguiu existindo, pero abandonou a acción anti-soviética. No 1991 tamén se asinaron os acordos START I, nos que se comprometían ambas potencias a destruír dos mísiles. Desta forma, Estados Unidos pasou a ser a primeira potencia do planeta.

